



“A literatura galega ten grandes obras pero non unha novela de nivel de consumo con referentes propios”

[Montse Dopico](#) 7 de marzo de 2015

<https://praza.gal/cultura/la-literatura-galega-ten-grandes-obras-pero-non-unha-novela-de-nivel-de-consumo-con-referentes-propiosr>

A violencia. As relacións de poder. A opresión. O racismo. A desigualdade crecente. A regresión en dereitos e liberdades. Todo isto conforma o desacougante fondo da obra de Ramón Caride. Fantasía e ciencia-ficción. Xénero negro. O autor vén de reunir os seus mellores relatos fantásticos en *Flash-Black 13* (Urco), como antes fixera cos de serie negra en *Sarou/Louzós* (Xerais). Falamos da súa obra.

***Flash-Black 13* xunta parte dos teus relatos fantásticos. Cal foi o criterio para escollelos?**

Primeiro, por eliminación. Nin os demasiado realistas, nin aqueles dos que non estaba satisfeito, nin os que tiñan elementos fantásticos e de xénero negro e que xa estaban en *Sarou/Louzós*. Dos que quedaban, escollín 13. Ía publicar o libro no 2013, pero ao final non deu tempo. Ademais, ía tamén polo meu volume de relatos número 13. *O Reinado dos Ceos* é o último que escribín, a partir dun artigo dun xornal portugués. *Foto-Shock* non é un relato fantástico estritamente, pero encaixaba ben. Ademais, é difícil saber onde está o límite do fantástico. Así, xuntei relatos de varios libros, agás do primeiro que publiquei, *Os ollos da noite*, porque agora paréceme que non está ben feito. Entón, partín do segundo, *Crónica de sucesos*. O título ía ser *Flash-Back*, pero como tamén teñen algo de xénero negro os relatos, puxemos *Flash-Black*.

Dis neste libro que o fantástico non é paralelo ao cotián, que non está por enriba nin por debaixo, senón conectado, tanxente. Por que?

Vivimos nunha dimensión de rutina, de monotonía. Pero iso sucede só no plano de aparencia. Cada persoa ten a súa percepción do mundo, e a fantasía é un modo de velo. Quero dicir, que de maiores perdemos o sentido da marabilla que teñen os nenos. Non nos decatamos de que todo é abraiante. Pois aos que conservamos esa certa inxenuidade da mirada, iso non nos pasa. E iso é a literatura fantástica: ver o que hai detrás. Porque o que nos contan da realidade é unha ficción, un invento. Que á prima de risco? Ou a Troika? Iso é literatura, ficción, personificacións do que goberna a nosa vida. Pois a xente acepta eses mitos como se fosen realidades. E despois

chócalle que alguén fale de mundos paralelos. Nun mundo no que, por exemplo, o diñeiro non é real, pois a economía é un número nun programa informático.

Un dos relatos, *Os perigos da nostalxia*, foi censurado porque fala dun home que pon unha bomba. Como foi iso?

Fíxome reflexionar moito o feito de que me censuraran. Eu non imaxinaba que podía haber aínda esa censura explícita. E estes días pensei en Charlie Hebdo. Eu creo que a liberdade de expresión non debe ter límites, por moito que alguén se sinta insultado. Porque é a maneira de que a verdade se vaia abrindo camiño. Se os americanos, que son moito do politicamente correcto, non reproducen as imaxes para non ofender, están a darlles a razón aos que mataron por iso. O meu relato foi censurado nunha revista de banda deseñada de titularidade pública, cando era conselleiro de Cultura Pérez Varela. E xa houbera máis problemas, como un debuxo que non querían publicar porque a unha muller víanselle os peitos. Eu penso que é o lector quen ten que decidir. Non temos que autocensurarnos nin que aceptar a censura. Eu entendo que un xornalista, por exemplo, pode ter que autocensurarse para conservar o traballo. Pero eu non vivo disto.

En *Interiores* hai un escritor que di que fai literatura “pseudo”, “sub”, evasiva, embrutecedora... Parece un recordo de cando parte da crítica dicía esas cousas dos que comezabades a facer xénero negro en galego.

Si. É o que dicían críticos como González Gómez ou Dolores Vilavedra cando comezamos a facer literatura de xénero a primeiros dos 90. Dicían que non se podía facer novela negra ou ciencia-ficción cando estaba sen escribir a gran novela galega da represión ou da emigración. A miña concepción da literatura non é esa. Podían ter razón en que faltaba a gran novela da represión ou da emigración, pero é que tiña que facela alguén que vitalmente o sentise. Non pode ser unha obriga, un deber por ser escritor galego. Ademais, ese relato é unha homenaxe aos autores de literatura de kiosko: Marcial Lafuente Estefanía, Francisco González Ledesma ou Víctor Mora. Estes autores tiñan que escribir unha novela á semana, e utilizaban sempre unha mesma estrutura, como nunha cadea de produción industrial. Pero eran novelas ben feitas, que lían centos de persoas que non tiñan o hábito da lectura. Eu defendo a literatura popular, o cinema, a banda deseñada, letras de cancións... como literatura do mesmo nivel que novelas recoñecidas polo canon. Un dos problemas da literatura galega é que ten grandes obras pero non unha literatura popular coñecida e asumida polos lectores.

Hai tempo que se tenta facer literatura para todos os públicos e non só grandes obras. Mais tamén hai, na actualidade, un debate sobre a “normalización”. Hai que facer certos tipos de literatura para cubrir ocos?

Cada escritor ten que facer a literatura que quere e que lle sae. En calquera sitio, ten que haber literatura que funcione a varios niveis, e aquí temos, como dicía, grandes obras, pero non unha literatura de nivel de consumo con referentes propios. Da mesma maneira que precisamos un audiovisual máis potente con referentes galegos. O poder político bloquea esta forma de expresión, é verdade. O diñeiro público é movido por persoas cunha determinada orientación ideolóxica. O modelo da televisión é o *Luar*. Programas para xente maior, do rural... Unha serie como *Matalobos* non quixeron mantela porque falaba do narcotráfico e daba “mala imaxe”. A televisión debera ter programas que transmitan a idea de que o galego é unha lingua para todas as idades. Mais se a programación que hai á xente nova non lle di nada.

Comentas que é máis fácil reeditar cousas de xénero negro que de literatura fantástica. Tamén porque o policial está un pouco como de moda, supoño. Mais é curioso o que dis, tendo en conta desde a tradición de relato fantástico ata Cunqueiro ou toda a literatura que agochou a crítica ao franquismo baixo o fantástico. Daquela, ser “realista” era unha rareza.

Xusto hoxe estou coa xente de Urco, que se gaña a vida editando literatura fantástica en galego. Para a xente nova, o fantástico é referente. Mira o cinema, que ben funciona nel a fantasía e a ciencia-ficción. Na literatura galega hai unha infravaloración do que non sexa realista. Se un libro fai socioloxía, ou fala da diglosia, ou da represión do 36... xa se valora máis, independentemente do seu valor literario. Fernando Cimadevila ten unha triloxía, a de Basilius Hoffman, que está funcionando moi ben coa xente nova. Pero como non é literatura realista non se lle dá moita importancia. Este tipo de libros están a atraer lectores para o galego, mais a crítica non se decatou do que está a pasar.

As formas gastadas dos sonhos e Informe final trata un tema moi presente nos teus relatos, como en Observador de Exogamia 3.0: o racismo, a sociedade xa non de clases, senón de castas. Unha volta como aos estamentos medievais. Por que?

Andan estes días polo Youtube uns vídeos gravados en Nova York. Deixan un neno negro só, aterecido de frío, e ninguén fan nada. Deixan nun branco ben vestido e moita xente para a ver que lle pasou. Todos temos prexuízos. Temos que ser conscientes diso e loitar contra eles. ‘As formas gastadas dos sonhos’ escribino cando fun vivir a Madrid. Eu viña de Ourense, e atoparme no metro con toda a variedade do ser humano, todos os mundos humanos que hai, chamábame a atención.

Tamén falas moito de control e manipulación, como en Lumefrío, de medo como maneira de control... É un tema clásico do xénero mais se cadra tamén ten que ver coas regresións no aspecto das liberdades: a represión dos movementos sociais... O Gran Irmán está aquí?

É que os clásicos, como dis, marcáronme moito. 1984 e *Rebelión na granxa* de Orwell e *Un mundo feliz* de Huxley. Foron uns auténticos visionarios. O que eles escribiron, décadas despois fíxose realidade. A evolución da técnica fixo á xente máis controlable. Cando lin eses libros vin reflectida a realidade, e 30 anos despois aínda é máis real. É o Gran Irmán, que moita xente pensa que vén dun programa de televisión. Deixamos que nos manipulen. Onde vivo, en Cambados, non fixeron obras en tres anos, e agora en tres meses antes das eleccións están a arranxalo todo para que se vexa. É o mesmo que pasa co fútbol. Semanas antes dun partido sacan “noticias” falando co entrenador, que sempre di que van gañar. Iso non é noticia, pero serve para que non se fale doutras cousas. Isto é como *Matrix*.

Ou como o teu conto Virtualidaderealidade. A túa novela Soños eléctricos tamén ten moito diso. Ten que ver coa influencia de Orwell e Huxley ou tamén coa evidencia da desigualdade social crecente? Ao lelo, soa moi actual.

É verdade que ten moito que ver co que está pasando. Como a degradación ambiental. A produtividade na ría de Arousa está en situación de precatástrofe por este motivo. Cando chegue a catástrofe, decatáremonos do importante que era coidala. Pasaron máis de 20 anos desde *Soños eléctricos*, e o tema segue así. O mesmo coa estratificación social, as castas. Un bo exemplo é a Universidade. Un fillo de labregos, coma min, vai ter cada vez máis difícil estudar. Hai, niso, unha volta atrás, unha regresión ao franquismo. Hai moitos anos que lin *Un mundo feliz*. E impactoume tanto que quedou en min. Non é que o copiase, é que quedou na miña cabeza e

influíume. É unha novela de crítica social. E se non vemos hoxe a loita de clases... Din que o marxismo está superado. Pero só o está para os banqueiros, claro.

Hai pouco Xerais reeditou *O sangue dos camiños*. Unha novela na que a fuxida da realidade era central. Que querías contar, cando a escribiches?

Hai varias cousas nesa novela. A idea da viaxe, a dicotomía entre realidade e o imaxinario... Ou unha crítica ao tipo de escritor que vive pechado, que non está no mundo. Por iso a variedade de rexistros. O papel das mulleres tamén é moi importante. Ou a historia de intriga. Tamén o que dis ti: a fuxida da realidade. Eu creo que é algo que vai pasar. Vai haber unha maneira de vivir virtualmente a vida de xente famosa. Pagas unha millonada, reservada a uns poucos privilexiados, por meterte na pel de Belén Esteban, por vivir as súas experiencias...

***Sarou/Louzós, Soños eléctricos* e *O sangue dos camiños* forman unha triloxía. Por que? É certo que nos teus libros se repiten nomes de personaxes, de lugares...**

Non foi algo planificado. Decateime ao acabar de que tiñan moitos puntos en común, un desde o xénero negro, outro desde a ciencia-ficción e outro desde as dúas. *O sangue dos camiños* repite o esquema de *Sarou*: dúas mulleres que conflúen e personaxes masculinos que parece que tiñan importancia pero que non a teñen. Unha idea recorrente nos meus libros é a que historia fana as mulleres. Elas manteñen a cohesión da comunidade. Por iso nas guerras atacan as mulleres para destruír a comunidade do inimigo.

***Sarou/Louzós* reflicte moito, como di o propio libro, a violencia “vertical” e “horizontal”. Quen ten o poder xa ten a violencia do Estado e da lei ao seu favor.**

Iso vén dun gravado de Castelao: os caciques mallan nas vacas e así nos vai a todos. Se nos tiran un plátano e pelexamos por el, non lles damos problemas aos que tiran. Iso é.

En realidade, toda a túa obra fala de relacións de poder. De opresión. Tamén *O frío azul*. Ao final, vas ser un autor realista, desde o fantástico. Aínda que isto sexa un tópico. E non deixe de caer en buscar o valor da fantasía no real.

Para min o conto popular foi básico. A literatura oral. Os contos que me contaba a avoa. E eses contos maravillosos falan diso: de relacións de poder, de dominio, de medo, de como sobrevivir. En realidade, toda a literatura é social, fala de nós. E queiras ou non a nenez acaba volvéndoche á cabeza. *O frío azul* ten que ver con iso. Coa impresión que me producían lugares como Oseira. Unha edificación de pedra desa magnitude, no medio dunha aldea, para Deus, que non sei para que a quere se xa é Deus...

E tes todo claro desde *Os ollos da noite*. Na temática, digo.

O racismo a desigualdade xa están alí. Mais, como che dicía, hoxe penso que *Os ollos da noite* non está ben escrito. O libro no que comezo a recoñecerme como autor é *Crónica de sucesos*, o segundo que publiquei.

***Endogamia 0.2* e *Exogamia 0.3*. tocan o tema das castas -a matanza de inmigrantes por diversión, por exemplo-, a ecoloxía e a interacción entre ambas. Como xorde este proxecto?**

Duns obradoiros literarios nos que traballamos con noticias dos xornais. Fixemos literatura científica a partir das noticias. Porque tamén se pode escribir sobre a actualidade, sobre o que publican os medios de comunicación. Non fai falta ir á historia.

Algo máis que queiras contar sobre *Flash-Black 13*?

É como un repertorio do fantástico. Recolle moitas liñas: ciencia-ficción, distopía que fai crítica social, terror... Falta o conto tradicional de medo. Son relatos eu creo que tecnicamente bos, de distintos estilos. Un libro variado, que fala da realidade de distintas maneiras.